

Concurso de Entroido 2020 Concello de Boimorto
BASES

O Concello de Boimorto organiza un concurso de entroido que terá lugar o sábado 22 de febreiro de 2020 no polideportivo municipal.

1. Poderán participar as persoas que se achegen o polideportivo municipal o sábado 22 de febreiro.

A participación no presente concurso supón a aceptación íntegra de todos os puntos contidos nestas bases e que se autoriza ó concello para a utilización das imaxes en carteis, publicacións, medios de comunicación e outros para a promoción da cultura.

2. MODALIDADES:

Haberá dúas modalidades, adultos e infantil (ata 14 anos), e en cada modalidade haberá categoría de grupos (mínimo 3 persoas) e categoría individual. O concurso realizarase cunha participación mínima en cada categoría de 3 participantes.

3. INSCRICIÓNS.

As inscricións realizaranse o día 22 de febreiro, no propio polideportivo entre as 17:00 e 18:30 horas.

NON SE ADMITIRÁN INSCRICIÓNS FORA DO HORARIO ESTABLECIDO.

4. PREMIOS

Adultos:

- Grupos:

- 1º Estancia de unha noite en casa de turismo rural (máx. 8 persoas)
- 2º Vale club termal balneario (máx. 6 persoas)
- 3º Cesta de produtos da comarca

- Individual:

- 1º- Lote de produtos da comarca
- 2º- MP4
- 3º -Pen drive

Infantil (ata 14 anos)

- Grupos:

- 1º Festa/Merenda (máx. 8 persoas)
- 2º Vale material librería (máx. 6 persoas)
- 3º Cesta de produtos infantís

- Individual:

- 1º- MP4
- 2º- Xogo de mesa
- 3º -Pen drive

Os/As participantes que resulten premiados daranse a coñecer unha vez rematado o concurso no polideportivo municipal, recibirán nese momento un vale do premio e deberán estar presentes no momento da súa entrega.

A semana seguinte deberán entregar o vale nas oficinas do Concello coa correspondente acreditación para poder canxear o premio.

Os premios están suxeitos a declaración segundo a lexislación vixente.

No caso de non haber participantes en algunha das categorías, o final da entrega de premios sortearase un dos premios desertos entre os asistentes.

5. XURADO

O xurado estará integrado por un/ha empregado/a municipal, un representante do equipo de goberno municipal e unha persoa que represente a empresa de animación do evento.

As persoas gañadoras serán escollidas, en cada unha das categorías, en relación á:

- Grupos:

Orixinalidade/estética: 0 – 2 puntos

Vestuario e maquillaxe: 0 – 2 puntos

Traballo feito a man e materiais refugallo: 0-3 puntos

Coreografía /Simpatía: 0-3 puntos

- Individuais:

Orixinalidade /estética: 0 – 2 puntos

Maquillaxe: 0 – 2 puntos

Traballo feito a man e materiais refugallo: 0-3 puntos

Simpatía: 0-3 puntos

O veredicto será inapelable.

Boimorto, a 4 de febreiro de 2020

PIVARVELA
OCIO

Pilar Varela Ferreiro

N.I.F.: 33 781 605 - V

Tel.: 634 243 469

15800 - Melide (A Coruña)

15800 - Melide (A Coruña)